

A DEFENSA DO MIÑO

UNHA PATADA, TRES COSTELAS ROTAS, DOUS MESES DE ARRESTO E CEN MIL PESETAS DE MULTA

UNHA SENTENCIA CONTRA A DIGNIDADE DA REIVINDICACIÓN ECOLOXISTA



Denunciar a especulación urbanística que amenaza, en Lugo, ás beiras do Miño non debera ser tan só unha reivindicación ecoloxista, senón, ao mesmo tempo, económica e social, asumida mesmo, -como está a ocorrer hoxe en case todas partes-, por todas as institucións políticas e sociais. Non resulta, polo tanto, nada doado de entender que a colocación dunha pancarta no balcón do Concello reivindicando unha ZONA VERDE E RECREATIVA PARA AS BEIRAS DO MIÑO

◆◆◆
A nova depuradora non desculpa a ninguén de seguir esixindo o Saneamento Integral de toda a conca do Miño, pois, ante a gran variedade de residuos industriais que chegan ao río sen depurar, pouco poderá facer a nova depuradora, se antes non se procede ao saneamento do

Miño.

◆◆◆

pudiera dar lugar, no verán de hai dous anos, a que un policía local agredise cunha patada ao membro da Plataforma pola Defensa do Miño, -e membro tamén de ADEGA-, Daniel López Vispo, co resultado de tres costelas rotas. Dificil de entender tamén que a Administración de Xustiza viñese a lexitimar a actuación do policía, -e da equipa de Goberno Municipal que deu por boa tal actuación-, condenando ao noso compañeiro a dous meses de arresto maior e 100.000 pesetas de multa por delicto de resistencia; mentres para o policía, -a

pesar de tan brutal patada, totalmente intencionada-, a penas dous meses de arresto menor, por faltas de lesión.

En resumo, unha sentenza contra a dignidade de todos cantos, como o compañeiro Daniel Vispo, traballamos na defensa do noso entorno natural e ecolóxico, na defensa ecolóxica de Galiza. Con el a solidariedade de todos nós.

XA HAI DEPURADORA DE AUGA POTABEL...

PERO O SANEAMENTO DO MIÑO AINDA NON CHEGOU

Que na cidade de Lugo, ás mesmas beiras do Miño, non se puidera beber a auga da traída debera ter escandalizado a calquera goberno municipal, provincial ou autonómico. Non foron sen embargo, as institucións, senón os mesmos cidadáns, a través da Plataforma pola Defensa do Miño, os primeiros en denunciar esta situación. Por fin, despois de catro anos de reivindicación e promesas, Lugo ten xa nova depuradora.

Indubidabelmente que a súa máis moderna tecnoloxía vai facer que a auga de Lugo mellore notabelmente. Sen embargo, -como ten manifestado xa a Plataforma pola Defensa do Miño-, a nova depuradora non desculpa a ninguén de seguir esixindo o Saneamento Integral de toda a conca do Miño, pois, ante a gran variedade de residuos industriais que chegan ao río sen depurar, pouco poderá facer a nova depuradora, se antes non se procede ao saneamento do Miño.

Tal saneamento é tanto máis necesario, canto que a recentemente inaugurada depuradora está xa anticuada no que respecta á nova Directiva que a Comunidade Europea prepara sobre a calidade da auga potábel. Será preciso, dende logo, reducir notablemente a carga de materia orgánica no Miño, -procedente na súa meirande parte dos vertidos industriais e urbanos-, se se quere que a auga que sae da depuradora non sobrepase as cantidades de trihalometanos previstas na nova directiva. A perigosidade destes trihalometanos, que se forman por reacción do Cloro (utilizado para a desinfección) coa materia orgánica da auga, xa viña sendo denunciada dende hai tempo pola mesma Organización Mundial da Saúde, quen xa tiña advertido do seu poder canceríxeno e carcinóxeno.

Así pois, pola saúde do río e pola saúde de todos nós, necesitamos seguir esixindo do Sr. Cuiña, e das demais administracións implicadas, o SANEAMENTO INTEGRAL DO MIÑO. Pode ser para a próxima campaña electoral?. Benvido sexa. ■